



## **ORDENANZA FISCAL Nº 9. REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVICIO PÚBLICO DE SUMINISTRO DE AUGA POTABLE E DAS ACOMETIDAS Á REDE XERAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA**

### **ARTIGO 1. Fundamento e natureza.**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVICIO PÚBLICO DE SUBMINISTRO DE AUGA POTABLE A DOMICILIO E DAS ACOMETIDAS Á REDE XERAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, atendendo as súas normas ó disposto no artigo 38 do devandito Texto Refundido.

### **ARTIGO 2. Feito Impoñible.**

Constitúe o feito impoñible desta Taxa, a prestación no Concello dos seguintes servizos:

- Subministro de auga potable a domicilio.
- Acometidas á rede xeral de abastecemento de auga.

### **ARTIGO 3. Suxeito Pasivo.**

Son suxeitos pasivos desta Taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas, xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria e 23 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, quen solicite, resulte beneficiada ou sexa usuaria dos servizos descritos no parágrafo anterior.

Terán a condición de substitutos do contribuínte, os propietarios das vivendas ou locais ós que se dote do servizo, podendo repercutir, no seu caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios.

### **ARTIGO 4. Responsables.**

Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas a que se refiren os artigos 41 e 42 da Lei Xeral Tributaria.

Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

### **ARTIGO 5. Base Impoñible e Liquidable.**

A base do presente tributo estará constituída por:

- No subministro ou distribución de auga: os metros cúbicos de auga consumida no inmovible onde estea instalado o servizo.
- Nas acometidas á rede xeral: A sección da rede de distribución e do ramal de conexión.

### **ARTIGO 6. Cota Tributaria.**

A contía da taxa, regulada neste texto, será a fixada nas seguintes tarifas:

Usos domésticos:

Ata 15 m3.....	2,60 euros
Mais de 15 m3 ata 20 m3.....	0,42 euros/m3
Mais de 20 m3 ata 25 m3.....	0,80 euros/m3
Mais de 25 m3.....	1,20 euros/m3



**Usos industriais:**

Ata 25 m3.....	2,60 euros
Mais de 25 m3 ata 35 m3.....	0,52 euros/m3
Mais de 35 m3 ata 45 m3.....	0,90 euros/m3
Mais de 45 m3.....	1,30 euros/m3

Uso para obras: 0,52 euros/m3

Dereitos de conexión a rede: 179,75 euros.

**ARTIGO 7. Devengo.**

A presente taxa devengarase desde o momento en que se inicie a prestación do servizo, previa a correspondente solicitude ou desde que se utilice este sen ter obtido a previa licenza.

**ARTIGO 8. Normas de xestión.**

As persoas ou entidades interesadas na prestación dos servizos que se cita no artigo 2 desta ordenanza, deberán presentar solicitude por escrito na que se detalle o tipo de servizo e o lugar para o que se solicita, así como os demais requisitos que se esixan polo concello.

Unha vez autorizada a prestación do servizo se entenderá prorrogado mentres non se presente a declaración de baixa polo interesado a non ser que se trate de servizos non periódicos.

Cando finalice a necesidade do servizo periódico, por cambio de propietario etc., os suxeitos pasivos formularán as declaracións de baixa no padrón da taxa e surtirán efectos no período natural seguinte ó da súa presentación podendo no seu caso prorratearse por meses. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar pagando a taxa.

**ARTIGO 9. Infraccións e sancións.**

En todo o relativo a infraccións tributarias e á súa cualificación, así como as sancións que ás mesmas corresponda en cada caso, aplicaranse as normas contidas na Lei Xeral Tributaria.

**ARTIGO 10. Exencións e Bonificacións**

Quedan exentas as persoas en situación económica de extrema necesidade, con fillo ou fillos a cargo; as que vivan soas con ingresos brutos inferiores a 6000 euros/ ano/ familia; as que perciban rendas básicas como a RISGA ou Renda Básica; as que se atopen desempregadas e sen prestación, previo informe individual favorable do departamento de servizos sociais que acredite a situación de necesidade determinante da exención.

**DISPOSICIÓN FINAL**

A presente modificación entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2005, logo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresas.

<b>Aprobación</b>	Pleno de 29/09/89	Sup. BOP nº 299 de 27/12/89
<b>Modificación</b>	Pleno de 26/06/04	BOP nº 183 de 21/09/04
<b>Añadido Art. 10</b>	Pleno de 13/07/13	BOP nº 203 de 22/10/13
<b>Última modificación tarifas</b>	Pleno de 03/10/15	BOP nº 240 de 14/12/15